



PREMIOS DE EXCELENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á MELLOR NOTA DE ADMISIÓN NOS GRAOS CURSO 2021-22

A Universidade da Coruña (UDC), co fin de recoñecer e incentivar o esforzo e a dedicación ao estudo, convoca os *Premios de Excelencia da Universidade da Coruña á mellor nota de admisión nos graos*, do **curso 2021-22**, destinados ao alumnado procedente de Bacharelato e/ou Ciclos Formativos de Grao Superior.

1. Obxecto dos premios

Esta convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, ten como obxecto recoñecer o esforzo e a dedicación do alumnado procedente de Bacharelato e/ou Ciclos Formativos de Grao Superior que alcanzara uns resultados académicos excelentes nos estudos previos ao acceso á Universidade, e premiará o alumnado que teña **a mellor nota de admisión** en calquera das titulacións oficiais de Grao ou Programas de Simultaneidade de Grao, que se imparten nos centros propios da Universidade da Coruña **no curso académico 2021-22**.

2. Condicións das persoas solicitantes

Poderá solicitar a súa participación na convocatoria dos *Premios de Excelencia da Universidade da Coruña á mellor nota de admisión nos graos*, o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Finalizar os estudos de bacharelato ou ciclo formativo de grao superior, **no curso académico 2020-21**, en calquera dos centros educativos recoñecidos pola administración educativa no territorio nacional.
- b) Obter unha nota de admisión á Universidade igual ou superior a 9,00. Non se terán en consideración aquelas solicitudes cunha media inferior á sinalada.
- c) Matricularse por primeira vez no **curso académico 2021-22** en calquera das titulacións oficiais de grao ou programa de simultaneidade de grao, impartidas nos centros propios da UDC e manter a matrícula durante todo o curso.
- d) Non incorrer en ningunha clase de inhabilitación para obter as axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Todos os requisitos relacionados neste artigo deberán posuírse no día en que remate o prazo de presentación de solicitudes.



3. Forma, prazo e lugar de presentación das solicitudes

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude, en que consten os seus datos persoais e segundo o modelo que figura como Anexo I desta convocatoria, a través do formulario ao que accederán na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/sape/bolsas_axudas_premios/premios-excelencia-admision-graos/

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto **desde o luns 6 de setembro de 2021 ata as 23:59h do xoves 30 de setembro de 2021**.

4. Xurado dos Premios

A Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno, presidida pola vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade actuará como Xurado dos Premios de Excelencia da Universidade da Coruña á mellor nota de admisión nos graos, e está composta polas seguintes persoas:

Vicerreitoras:

Lombardía Cortiña, María José (presidenta)

López Villar, Cristina

Profesorado:

Ávila Álvarez, Adriana Ivette

Calvo Rolle, José Luis

Dopico Calvo, Xurxo

Ladra González, Susana

Busto Lago, José M.

Martín Santamaría, María José

Representantes do estudantado:

Falce Castro, Paula Alexandra

López Quintela, Hugo

Representante do persoal de administración e servizos:

Pernas Ladra, Juan Manuel

O Xurado está facultado para resolver calquera dúbida relacionada coa convocatoria.

5. Procedemento e criterios para a concesión dos premios

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Estudantes comprobará que as persoas solicitantes cumpren os requisitos establecidos no apartado 2 da convocatoria.

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade publicará no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC a relación provisoria de persoas admitidas e excluídas, estas últimas xunto coa causa que implica a súa exclusión.



As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles para achegaren a documentación que permita emendar os erros detectados.

Concederáse un máximo dun premio por cada titulación de grao e programa de simultaneidade, que se lle concederá ao/á estudante que solicite o Premio e que teña a mellor nota de admisión, de entre o alumnado que no **curso académico 2021-22** se matricularan por primeira vez en calquera das ditas titulacións oficiais de grao impartidas nos centros propios da UDC.

No caso de empate, utilizarase como criterio dirimente a cualificación da nota de acceso á Universidade.

O Xurado achegaralle ao Consello de Goberno unha proposta de resolución definitiva, na que poderá declarar deserto calquera dos premios.

6. Número de premios, dotación económica e financiamento

Concederáse un premio por cada titulación oficial de grao e programa de simultaneidade de grao que se impartan nos centros propios da UDC.

Cada premio consistirá nun diploma acreditativo, expedido polo reitor da Universidade da Coruña, e a cantidade de **cincocentos sesenta e cinco euros (565€)** que se aboarán por medio dunha transferencia bancaria a unha conta da que sexa titular a persoa beneficiaria.

O importe do premio estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.

A concesión do premio figurará no expediente académico do/a alumno/a e farase constar fidedignamente.

Estes premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 0300030029.422D.480.02 - Premios de Excelencia da Universidade da Coruña á mellor nota de admisión nos graos-VEPEM

A cada centro de ensino do que proceda o estudantado premiado, faráselle entrega dun Diploma acreditativo da Universidade da Coruña.

7. Incompatibilidades

Estes premios serán incompatibles coas *Axudas da Universidade da Coruña aos gañadores das Olimpíadas Científicas, curso 2021-22*.

8. Resolución de concesión e entrega dos premios

Cando o Consello de Goberno da UDC aprobe a proposta definitiva do xurado, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial a relación das persoas que obteñan os premios. Esta publicación será válida para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O acordo do Consello de Goberno esgotará a vía administrativa. Contra o dito acordo, poderase interpoñer:



a) ben un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte á súa publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas;

b) ben un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que contará desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

9. Efectos dos premios

A obtención de calquera dos premios a que se refire esta convocatoria non producirá máis efectos que os establecidos nela.

10. Protección de datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos"-RXPd), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A solicitude dun premio, ao abeiro desta convocatoria, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha de las bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión dos premios. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar,



salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer:

- prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites;
- mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza, 9, 15001, A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O reitor

Julio E. Abalde Alonso



ANEXO I (FORMULARIO)

**PREMIOS DE EXCELENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á MELLOR
NOTA DE ADMISIÓN NOS GRAOS
CURSO 2021-22**

Nome e apelidos:

DNI: Teléfono:

Enderezo para os efectos de notificación:

.....

Poboación: Código postal:

Centro da UDC en que está matriculado/a:

.....

Titulación en que está matriculado/a:

.....

Nota de admisión na titulación:

Nota de acceso á Universidade:

Nota do Ciclo Formativo de Grao Superior:

Centro en que cursou 2º Bacharelato/2º Ciclo Formativo de Grao Superior:

.....

Localidade/Provincia do Centro:

A Coruña/Ferrol, de de 2021

VICERREITORA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE